

A biblioteca de Primaria do colexio do Feal acolle unha mostra sobre o Antigo Exipto

REDACCIÓN > FERROL

Uns 300 alumnos de educación Infantil e Primaria do colexio do Feal participan un ano máis nunha campaña de fomento da lectura. Nesta ocasión, o tema elixido polo centro foi o Antigo Exipto, materia sobre a que traballaron os escolares dentro das aulas. O pasado mes de xaneiro, os rapaces comezaron a abordar nas aulas a temática deste ano, participando os de Primaria en diversas lecturas e, posteriormente, na elaboración de paneis relacionados con Exipto. Son precisamente estes paneis, sobre faraóns, momias, maquillaxe e cultura exipcia, entre outras áreas, os que se poderán ver ata finais do vindeiro mes de abril na biblioteca de Infantil e Primaria do colexio naronés do Feal.



Imaxe de obras da exposición realizada por escolares do Feal c. carballeira

Os rapaces de menor idade -uns 80 matriculados nas aulas de Infantil- foron os encargados de realizar unha maqueta que tamén forma parte da exposición. O río Nilo, crocodilos, pirámides, bonecos exipcios, faraóns e encantadores de serpes forman parte do traballo realizado nas clases durante as pasadas semanas. A mostra pode verse en horario lectivo, de luns a venres polas mañás, e tamén os mércores, entre as 16.30 e as 18.30 horas, tal e como se indicou desde o centro escolar.